

Oración polo Congreso do Laicado Madrid 2020

Achégase o Congreso de Laicos 2020, os participantes en representación da nosa diocese de Lugo preparan os últimos detalles antes de partir o día 14 de febreiro e vivir unha experiencia de comunión co laicado de toda España.

Trátase de vivir unha experiencia do Espírito, de discernimento. O Espírito Santo precédenos no corazón das persoas e nos acontecementos da historia. E tamén somos conscientes de que o Señor na súa palabra alimenta e guía as nosas decisións. Ao describir este proceso como espiritual, invitámosche a propoñer unha experiencia de esperanza e consolo, onde teña o seu lugar a escoita, a apertura da mente e do corazón. ”O discernimento non é só unha boa capacidade de razoar ou un sentido común, senón que tamén é un agasallo que hai que solicitar” (Papa Francisco, *Gaudete et exsultate*, 166).

A experiencia do Espírito lévanos a comprender que o resultado do Congreso non so dependa do que aconteza os días 14, 15 e 16 en Madrid, senón tamén da implicación das comunidades diocesanas desde a oración e a comunión. Por iso invitamos ás parroquias, comunidades relixiosas, grupos e movementos da nosa diocese a ter durante algún momento deses tres días un encontro de oración polos traballos e froitos do Congreso, e que se faga esa mesma petición nas oracións dos fieis nas misas do domingo día 16.

No lugar do Congreso, que se celebrará no Pavillón de Vidro da Casa de Campo, habilitase unha capela para que os participantes poidan rezar. Durante certas horas ao día, coincidindo cos momentos do traballo, o Santísimo Sacramento estará exposto de xeito que, mentres os congresistas traballan, algunhas persoas están rezando polos seus froitos nese mesmo lugar.

Delegación de Apostolado Segrar

Lugo

ORACIÓN DO CONGRESO DO LAICADO

Deus e Pai noso:

Que atendes as necesidades de todos os teus fillos e concédeslles sempre o que convén.

Dámosche grazas polo teu amor que fomenta o noso e, confiados, encomendámosche a celebración do Congreso de Laicos: Pobo de Deus "en saída".

Que a nosa meta sexa facer a túa vontade en todo.

Señor Xesucristo, Salvador noso:

Axúdanos a crecer en santidad, e produce en nós unha verdadeira conversión pastoral misioneira.

Que teñamos un corazón compasivo como o teu para construír un mundo máis fraterno.

Ensínanos a achegarnos con sinxeleza e humildade aos máis pequenos e necesitados, a traballar pola xustiza e a dignidade de todos os seres humanos.

Espírito Santo:

Que nos reúnes en pobo de amor.

Inspira a nosa vocación laical, para que anunciemos a Xesús con fidelidade, e crezamos, xunto cos nosos pastores e a vida consagrada, en comunión e sinodalidade.

Orienta os nosos pasos para avanzar na construción dunha Igrexa na que os laicos nos sintamos corresponsables e protagonistas da misión evanxelizadora.

María, Nai nosa:

Ti coñeciches as preguntas sen resposta, os camiños sen saída, a vía dolorosa.

Pedímosche que nos acompañes neste labor tan importante para a misión da Igrexa no mundo de hoxe.

Que nunca nos falte a alegría e a esperanza, cuxa fonte está no teu Fillo, Xesucristo o noso Señor.

AMÉN